

Os Bolechos^{® TM}

PEPE CARREIRO

O SAMAIÑ



INFORMACIÓN PARA PAIS E EDUCADORES

A orixe do Samaín, coma a de tantas celebracións actuais, remóntase a ritos celtas relacionados coas labores agrarias e os ciclos solares, pero as influencias culturais e relixiosas de cada lugar déronlle unhas características singulares que lle confiren personalidade propia. Con esta unidade didáctica queremos achegarlle os máis pequenos (2 a 6 anos) as peculiaridades propias do Samaín galego onde historia, mito, tradición e imitación se unen nunha festa xa consolidada e especialmente querida para os máis novos, de xeito que poidan gozala ao tempo que coñecen as súas orixes, ritos e influencias, e adquiren uns primeiros coñecementos sobre o tempo, a historia, a xeografía, a gastronomía, a música, a diversidade cultural etc.

APRENDIZAXE

- **Formación persoal e social**
 - coñecer o propio corpo e descubrir as súas posibilidades expresivas
 - adquirir máis precisión en xestos e movementos
 - fomentar a curiosidade e o gusto por explorar
- **Educación cidadá**
 - adquirir habilidades emocionais, organizativas e sociais
 - fomentar as relacións de grupo en situacións lúdicas
- **Educación en valores**
 - respectar as diferencias
 - fomentar relacións respectuosas
 - educación para igualdade de oportunidades
- **Coñecemento do medio**
 - relacionarse cos demais
 - traballar a conduta propia

en relación ás pautas de comportamento social

- coñecer e respectar a diversidade cultural e social
- coñecer e participar das propias tradicións

- **Conceptos básicos:**
 - vocabulario específico de entroido
 - vestimenta
 - calendario: meses, días da semana
 - linguaxe oral: cantigas, refráns...
 - gastronomía
- **Educación matemática:**
 - os números
- **Educación plástica e cultural:**
 - comprensión das experiencias propias e alleas
 - vocabulario específico
 - potenciación da creatividade
 - maduración motriz




1. APRENDER



ORIXE

Samain é adaptación ao galego da palabra gaélica 'Samhain' que significa **fin do verán, principio do inverno**. E iso é precisamente o que celebraban os celtas hai máis de tres mil anos na noite do 31 de outubro ao 1 de novembro: o fin da temporada de colleitas e o inicio do novo ano celta. Era, pois, un momento de transición no que as ánimas dos mortos volvían a este mundo, segundo algúns con boas intencións e segundo outros con non tan boas.





- Algunhas crenzas aseguran que **os mortos volvían a visitar os familiares vivos**, comer e quentarse co lume das lareiras, polo que era costume deixar comida e bebida na mesa, e o lume da lareira aceso toda a noite. E para guiar os mortos ata os seus fogares na escuridade da noite, acendíanse fogueiras e caveiras de inimigos mortos.
- Pero hai quen cre que esas caveiras se acendían para espantar as perigosas ánimas defuntas e errantes que volvían para **saldar algunha conta pendente**.

As caveiras foron substituídas posteriormente por nabos de gran tamaño e **cabazas** que se baleiraban e pintaban para que representasen caras, e ás que se lles metía dentro unha candeia. Así xurdiu a tradición das cabazas de Samaín.




INFLUENCIA CRISTIÁ e CHEGADA A AMÉRICA

O cristianismo mantivo a data na que os celtas honraban os mortos pero substituíu a festa pagá do Samaín polo día de Todos os Santos. Precisamente a palabra Halloween, que designa esta festa en Estados Unidos, vén de "All Hallow's Eve" (Vixilia de Todos os Santos). E foron os irlandeses os que levaron a festividade a América durante a súa emigración masiva de finais do século XIX e comezos do XX. O Halloween é a adaptación estadounidense do Samhain.

O SAMAÍN GALEGO

Segundo Rafael López Loureiro, mestre de Cedeira e un dos principais re-descubridores desta tradición en Galicia, os costumes do Samaín mantivéronse na nosa comunidade. O mestre relacionou os ritos célticos de honra a os mortos co culto á morte tan arraigado na Galicia tradicional, e mesmo diferenciou peculiaridades propias, como a tradición de Quiroga (Lugo) de secar as cabazas para conservalas e usalas como máscara no Entroido.



Outros autores rexeitan esta relación, pero o certo é que o traballo de divulgación do profesor López Loureiro, xunto á influencia do Halloween americano, fixo que moi pronto se estendese e asentase a celebración deste novo Samaín.



POR VILAS

Unha das primeiras vilas en recuperar a festividade foi precisamente a do profesor López: Cedeira, onde celebran unha gran festa desde hai moitos anos con exposicións, concursos de cabazas, unha procesión de ánimas –que ben podería ser a imaxe da Santa Compañía– e mesmo uns premios do Samhain que se lle outorgan a personalidades destacadas.

Herdeira directa da festa de Cedeira é o Samaím ou Festa das Cabaças organizada pola agrupación A Revolta, integrada na Fundación Artábria de Ferrol. En Narón (A Coruña) a Asociación de Veciños de San Mateo tamén comezou pronto a celebración desta data e pouco a pouco a festa foise estendendo a toda a xeografía galega.

RELACIONADO CO SAMAIÑ


En Galicia o Samaín ten as súas propias manifestacións culturais. Ademais das cabazas, os milladoiros ou o magosto están relacionados coa antiga tradición celta.


• MILLADOIROS

Os milladoiros son montóns de pedras que se amoreaban nos cruces dos camiños para indicar a ruta. Son moi comúns no Camiño de Santiago, onde existe un especialmente simbólico no que se levantou unha gran cruz de ferro e onde, segundo a tradición, todo peregrino debe deixar alí unha pedra para ter boa sorte na fin da viaxe. Estes milladoiros poderían derivar daquelas caveiras que se amontoaban na noite do Samhain para guiar os mortos.

• MAGOSTO

O magosto é probablemente o herdeiro directo en Galicia do Samhain celta. A súa orixe remóntase á Prehistoria, como festa de agradecemento polos froitos recollidos antes da chegada do inverno e tamén como acto social de reforzo da comunidade. Máis adiante, como é habitual, foi cristianizada e asociouse aos santos e defuntos xa que





representaba a morte do ciclo solar anual. En Galicia a colleita de castañas é unha forma de honrar os mortos, xa que cada castaña é a alma dalgún defunto que se acompaña ao ceo. De aí que ambas as dúas celebracións vaian da man.

• PESCA DA MAZÁ

Este popular xogo tradicional viría dun prognóstico que facían os druídas na noite de Samaín para saber quen sería o primeiro en casar. Para iso usaban mazás somerxidas nun gran recipiente de auga.


• TALLAR CABAZAS

Este costume provén das caveiras que os celtas iluminaban con candeas

na noite de Samhain e poñían nos muros e nas entradas das casas para afastar as perigosas ánimas defuntas e errantes que saían nesta noite. As caveiras substituíronse por nabos, melóns, cabazos... que se tallan para representar caras.

• TRUTO E TRATO

Importado do cine, este xogo sería a adaptación do costume celta de deixar doces na noite do 31 para ter contentos os



espíritos que viñan do outro mundo. En moitas zonas de Galicia os mozos piden “chupitos” de licores autóctonos (café, herbas...) coa ameza de volver para “levar a alguén da casa” de non ser ben atendidos.

- **DISFRAZARSE**

Non está moi claro de onde provén este costume, mais podería estar relacionado con que nesta noite os mortos cobraban vida en forma de pantasma, momias, bruxas etc. De aí os disfraces típicos desta data. Tamén hai quen di que a xente que tiña que saír de casa nesta noite poñía máscaras, capuchas etc. para non ser recoñecida polos espíritos. En Galicia o disfraz máis típico é o de esqueleto, para rememorar a nosa Santa Compañía.



CULTURA

A implantación do Samaín na nosa comunidade foi tan rápida e fonda que hai xa numerosas referencias culturais e a denominación propia xa ten desprazado o termo americano *Halloween*. Ademais de festivais e celebracións moi asentadas en diversas vilas, hai xa numerosa literatura infantil, cancións e outras expresións culturais.

LITERATURA

Os Bolechas van a festa dos calacús, Pepe Carreiro (A Nosa Terra)

Os Bolechas teñen medo, Pepe Carreiro (A Nosa Terra)

Os Barbanzóns: A noite de Samaín, Pepe Carreiro (Toxosoutos)


Indo para o Samaín, Carlos e Sabela Labraña (Everest)

Samaín, Clara de Saá (Kalandraka)

MÚSICA

Samaín, Mamá Cabra





REFRÁNS


- Polo tempo de tódolos Santos mira os nabos; se fosen bos, di que son malos.
- Auga de agosto, nin bo viño nin magosto.

ADIVIÑAS

Que cousa cousiña é,
que na cabeza ten o pé?
(cabaza)

Alta estou
ladrón vexo vir
do meu carapucho
non podo fuxir.
(castaña)

Alto pimpín,
ruín cabaleiro;
rómpelle a bolsa
e cáelle o diñeiro.
(castaña)



2. O SABICHÓN

Rodea en cor verde o que **está ben** e risca en vermello o que **non** é certo.

A cabaza adoita ser
de cor vermella



Dentro da
cabaza
hai ducias
de pebidas

O ano novo
celta empeza
o 1 de xaneiro



A castaña
representa a
caveira



É típico
disfrazarse

O Samaín
coincide coa
festa de Todos
os Santos

Nesta data os mortos
volvían visitar as súas
casas e familias



3. ACTIVIDADES

A. RELACIONA

Une cada palabra coa súa definición.

calacú

vila onde comezou a
recuperación do Samaín

milladoiro

froito grande,
arredondado, con
moitas sementes

Santa
Compañía

procesión de
ánimas na noite

Cedeira

montículo de pedras
amoreadas

Halloween

adaptación
estadounidense do
Samhain



B. ATOPA AS DIFERENCIAS

Estes debuxos parecen iguais pero non o son. Hai 5 diferencias. Atópaas!



C. SOPAS DE LETRAS

Busca e rodea as seguintes palabras.

C	W	A	M	E	C	O	V	T
S	A	X	Z	A	X	U	R	B
C	A	S	E	T	A	T	J	O
C	I	G	T	R	R	O	N	C
S	Q	U	R	A	T	N	E	M
D	E	S	F	I	Ñ	O	R	O
A	M	N	E	D	C	A	J	G
E	S	Q	U	E	L	E	T	O

BRUXA

CASTAÑA

ESQUELETO

OUTONO

Descobre a que se refire cada definición e atopa cada palabra:

M	W	A	M	E	C	O	V	C
S	O	X	Z	A	X	E	R	A
C	A	R	E	T	A	T	J	B
C	I	G	C	R	O	S	N	A
S	Q	O	D	E	M	N	E	Z
D	E	S	F	I	G	A	R	A
A	M	N	E	D	C	O	J	G
E	S	C	A	V	E	I	R	A

FROITO DE COR
LARANXA TÍPICO
DO OUTONO


MAMÍFERO
VOADOR QUE
SEMELLA UN RATO

SENTIMENTO DE
INQUIETUDE POR
UN PERIGO

ESQUELETO DA
CABEZA

D. ESCRIBE E COLOREA


Escreve os nomes debaixo de cada debuxo e despois coloréao.



C _ _ _ _ _



M _ _ _ _ _



B _ _ _ _ _



P _ _ _ _ _

E. ESCRIBE

A estas palabras fáltanlles as vocais para podérense ler.
Escríbeas!

M _ _ D _ _

BR _ _ X _ _

S _ _ M _ _ _ N

E a estas palabras fáltanlles as consoantes. Atrévete a completalas?


A _ _ I _ _ A

_ _ A _ _ D _ _ _

_ _ O _ _ _ EG _ _



F. LABIRINTO


Axuda a Tatá a chegar ata o castelo.



G. RECORTA, PEGA E COLOREA

Recorta as cabazas e pégaas nos debuxos que teñan relación co Samaín. Despois colorea eses debuxos.





H. FAI A TÚA CABAZA

- Colle unha cabaza e recorta en círculo unha tapa na parte superior, onde está o talo. Procura que non estea moi madura, para que dure máis tempo.
- Aproveita ese burato para limpar a cabaza por dentro cunha culler ata que quede baleira.
- Na pel pinta unha cara terrorífica
- Cun coitelo recorta os ollos e a boca pola liña pintada. Pide axuda a un adulto!
- Pon dentro unha candeia e acéndea pasando un fósforo ou un pau longo por un dos buratos tallados, así non te queimarás

Non peches a cabaza mentres está acendida a candeia. Se queres poñerlle a tapa, fai unha cheminea para que ventile...

E XA TES A TÚA CABAZA!

Agora podes personalizala aínda máis poñéndolle accesorios como gorros, teas, adhesivos etc.



I. PINTA, RECORTA E DECORA

Propoñémosvos diversas manualidades para facer cos máis cativos. Ao tempo que se divirten e fomentan a motricidade e a expresión artística, conseguirán decorar o seu cuarto ou a clase para celebrar... O SAMAÍN MÁIS BOLECHAS!

1. MÓBIL DE SAMAÍN

Colorea os debuxos e despois recórtaos pola liña de puntos. Recorta os círculos marcados na cabaza e nos Bolechas para pasar o fío.

Colga cun fío cada personaxe da cabaza e finalmente pon un fío longo na rama da cabaza e cólgao onde máis che guste.


2. TEA DE ARAÑA

Colorea os debuxos e despois recórtaos pola liña de puntos.


Pega as patas da araña.

Cun fío negro de la, fai unha tea na parede.



Colga a araña da tea cun fío e pega os Bolechas coma se quedaran enredados na tea de araña.



1. MÓBIL DE SAMÁIN



2. TEA DE ARAÑA



H. A COMER!

Como en toda celebración, no Samaín non pode faltar a comida, tanto a propia desta época do ano como calquera outra adaptada A esta terrorífica e divertida celebración. Descarga estas fichas e goza coa túa familia e amigos deste Samaín!

Puré de castañas

Moi rico e nutritivo, perfecto para que os máis pequenos empecen a familiarizarse con este froito.

Ingredientes:

castañas
leite
azucres

Preparación:

Cocemos as castañas en auga fervendo ata que estean brandas. Sacámoslle a pel e esmagámolas, misturándolle un pouco de leite fría e unha culleriña de azucres. É un prato perfecto para que os máis novos poidan gozar deste saboroso froito.




Arañeiras de cabaza

Esta receita é perfecta para aproveitar a carne de baleirar a cabaza e preparar unhas deliciosas madalenas ou un biscoito.

Ingredientes:

125 g de cabaza
350 g de fariña
150 g de azucre
2 ovos
2 culleriñas de fermento
2 de bicarbonato
100 ml de aceite
un chisco de sal
unhas onzas de chocolate para decorar



Preparación:

Quentamos o forno a 180° e colocamos nunha bandexa para forno os moldes para as madalenas. Fervemos a cabaza cortada en cachos 15 minutos, escorremos a auga e esmagámola cun garfo ata facer un puré. Batemos o ovo e incorporámolo ao puré co aceite e, mentres removemos, o azucre. Noutro cazo, mesturamos a fariña co fermento e o bicarbonato, e imos incorporando aos poucos á mestura anterior. Enchemos os moldes ata 2/3 da súa capacidade con axuda dunha culler e metémolos no forno a 180° media hora.

Decoración:

Coas madalenas frías, fundimos o chocolate e coa manga pasteleira facemos un punto groso no centro da madalena. Ao redor facemos 3 ou 4 círculos e cun pau (un escarvantes, por exemplo) facemos liñas desde o punto central cara fóra, facendo o efecto de tea de araña. Deixamos arrefriar o chocolate a temperatura ambiente, ata que se endureza.

Bocas de mazá

Un bocado moi san e divertido.

Ingredientes:

1 mazá
améndoa laminada
marmelada de fresa

Preparación:

Cortamos a mazá en catro partes iguais e quitámoslle o corazón. Logo sacamos unha cuña de cada anaco polo lado da pel e colocámoslle anacos de améndoas coma se fosen dentes. Podemos engadirlle marmelada de fresa ou xarope vermello para que pareza sangue.

* Para que a mazá non se oxide, podemos metelas antes un pouco en auga fría cunhas gotas de limón.





Plátanos e mandarinas terroríficos

Presentacións tan sinxelas como vistosas e sas.


Ingredientes:

plátanos
mandarinas
grans de chocolate

Preparación:

os plátanos pélanse, córtanse en dous e péganselle grans de chocolate para facer os ollos e a boca. As mandarinas píntanse con caras divertidas a xeito de cabazas terroríficas.

Sombreiroiros de bruxa



Unha receita moi sinxela e vistosa que ademais de gustar a todos, decorará a nosa mesa de Samaín.

Ingredientes:

galletas de cono para xeado
chocolate de fundir
lambetadas de adorno

Preparación:

mercamos conos de galleta que se usan para facer xeados de cornete. Cubrímoslos de chocolate por fóra e poñémoslles unha lambetada para adornar o sombrero.

